



Páx 2-3

ANÁLISE: Do badal ao clic

Páx 4

PONTEVEDRA: Mellora da seguranza viaria na Ponte dos Tirantes

Páx 5

PONTEVEDRA: Plan de sostemento do espazo público no rural

Páx 6

PONTEVEDRA: Jorquera: "O modelo de Pontevedra é o Modelo do BNG"

Páx 7

MORAÑA: A falsa austeridade do PP

O Alcalde de Pontevedra lidera a loita contra a crise

O pasado martes 11 de setembro, Miguel Anxo Fernández Lores reuniu unha trintena de axentes sociais de Pontevedra para debater a respecto do xeito de reactivar a economía local e galega. A xuntanza é produto do compromiso adquirido no mes de xullo tras o decretazo do goberno do PP en Madrid.

Representantes da pequena e mediana empresa, asociacións de veciños, colexios profesionais, asociacións de comerciantes ou hostaleiros coincidiron na definición da situación actual como crítica para a economía e para o país.

O Alcalde fixo un repaso da situación e do negativo das políticas impostas pola Unión Europea. No caso de Pontevedra, o ataque ao poder adquisitivo das funcionarias e dos funcionarios está a ser especialmente agresivo coa nosa economía por desestimar o consumo. Miguel Fernández Lores comprometeu que o BNG manterá o poder adquisitivo, incluído o da paga extta do Nadal, dos funcionarios municipais para que a crise non teña que ser pagada por quen non a provocou e tamén como medida de estímulo da economía de Pontevedra.

Lores tamén afirmou que as medidas que están a tomar os gobernos de Madrid e Santiago desde maio de 2010 son un ataque directo á pequena e á mediana empresa, é dicir, ao tecido produtivo

do noso país, e so serven para dar a cada vez máis poder aos grandes grupos empresariais sen interese ningún na mellora da calidade de vida dos galegos e das galegas.

Fernández Lores manifestou que a súa maior preocupación agora mesmo e o paro que están a sufrir amplísimas capas sociais. Tamén deixou claro que rexeita completamente unha políticas económicas cuxo único obxectivo é sanear unha banca que en boa medida é a responsable da crise na que estamos e que non atende ás necesidades de crédito da pequena e da mediana empresa.

Na mesma xuntanza tamén tivo unha intervención moi destacada o sindicalismo nacionalista, representado polo secretario comarcal da CIG. Rafa Iglesias apelou á necesidade de que todos e todas saíamos á rúa defender os nosos dereitos, nomeadamente o dereito a traballarmos na nosa terra. Asemade, o noso compañeiro deixou crara a disposición da CIG a apoiar calquera iniciativa que sirva para se opor á política de retallamentos que están a levar a cabo os gobernos de España e da Xunta, arestora liderados polo PP e antes polo PSOE.

Despois de escoitar as propostas de todos e todas, as entidades reunidas adoptaron o acordo de elaboraren un manifesto que se enviará a Xunta, a Madrid e a Bruxelas.

DO BADAL AO CLIC



A base produtiva, social e cultural do rural galego leva moito tempo nun proceso que, con precisión, teríamos que denominar de exterminio.

Por que exterminio? Porque a estrutura existente previamente non se lle deixou evolucionar cara formas máis actuais e de máis alta rendibilidade; simplemente vaise deixando morrer a que existía de xeito, ao meu entender, premeditado e planificado: desaparición forzosa da ganadería, competencia desigual con importacións altamente subvencionadas, etc. A situación actual do sector lácteo pode servir como exemplo de actualidade.

A extinción progresiva e, coas actuais políticas económicas, inexorable, do mundo rural tradicional xunto coa carencia de novos referentes e expectativas económicas e sociais, deixou un orfo de dinámicas propias e modelos de futuro. O caso extremo deste proceso de extinción e exterminio son os cada vez máis numerosos núcleos rurais abandonados ou en trance de abandono.

Poderíamos dicir, sen temor a esaxeración, que dos case 29.000 asentamentos da poboación de carácter rural, non chegan a mil os que se manteñan pola súa base produtiva endóxena. Só unhas dúzias de núcleos mariñeiros e outras de agrogandeiros subsisten pola actividade xerada no seu sector primario tradicional.

Que está a ocorrer con eses máis de 25.000 asenta-

mentos rurais e periurbanos que, por un lado, non están abandonados nin en trance inminente de abandono, e, por outro, non subsisten en absoluto dos sectores primarios que foron a súa razón de ser? A resposta é bastante clara e, para os que coñecemos de primeira man a vida dos concellos, moi evidente: a integración acelerada e inconsecuente do rural nas dinámicas e hábitos urbanos. Trátase dunha especie de suburbanización ou contraurbanización por acumulación de dous fenómenos diferentes: dunha banda a permanencia no rural de persoas orixinarias pero con dinámicas xa totalmente alleas ao mundo de orixe e, da outra, o desprazamento de persoas urbanas a asentamentos de orixe rural nas periferias das cidades e vilas. Todos os concellos galegos, coas escasas excepcións da Coruña, Corcubión, Cesures, Mondariz Balneario e poida que moi pouco máis, atópanse fronte a un problema de enorme magnitude e para o que teñen escasas ou nulas

Que está a acontecer con eses máis de 25.000 asentamentos rurais e periurbanos que nin están abandonados nin en trance de desaparecer?

competencias que dean corrixido a dinámica de base. Só poden actuar sobre as súas consecuencias e, aínda así, malamente, como veremos a continuación.

A consecuencia máis dramática para os concellos da perda de expectativas e modos de vida propios do rural e da asimilación ao modo de vida urbana resulta tremenda para a Administración Municipal: o rural e a periferia non demanda servizos e prestacións axeitados a un modo de vida propio do rural; esixen servizos iguais que os prestados nas cidades ou vilas e coas mesmas solucións que no urbano, o cal resulta disfuncional, insostíbel, absurdo e desproporcionado. A edificación espallada e illada en parcela propia resulta conceptualmente contraditoria con servizos colectivos intensivos e custes de instalación e sostemento que, para mais inri, en moitos casos non son necesarios ou poderían solventarse con outras solucións máis acaídas, funcionais e baratas.

E agora paso a describer brevemente cales son as grandes liñas de actuación no rural e na periferia do Concello de Pontevedra:

- 1.- Mellorar a calidade de vida na cidade para evitar a fuxida de veciños e veciñas urbanos cara o rural. En Pontevedra, obxectivo acadado.
- 2.- Posta en valor dos recursos do rural: ecolóxicos, patrimoniais, comunitarios e dotación de servizos que vertebran as parroquias e bairros. Valorización do rural para uso e goce tanto dos seus veciños como dos urbanos. En estado bastante avanzado.
- 3.- Definición dunha carteira de servizos propia e axe-

Pór en valor o rural e o periurbano con solucións axeitadas e propias da súa situación, nunca solucións miméticas do urbano

tada para cada parroquia e barrio en función da súa densidade de poboación, dinámica social, etc. En certos aspectos como instalacións deportivas, centros cívicos, campos da festa, seguranza viaria..., bastante avanzadas. Nos servizos máis tipicamente urbanos: sumidoiros, iluminación pública, recollida de lixo..., a reestruturación e adecuación ás características do rural está nun estado moito menos avanzado.

Nacín e creime no rural rural e hoxe vivo no rural suburbano; coñezo ben a súa evolución e situación actual e estou convencido de que ten solución. Ela pasa por potenciar e pór en valor o rural e o periurbano con solucións axeitadas e propias da súa situación, nunca con solucións miméticas das urbanas. A ilusión da urbanización universal do rural, lóxica polo que expliquei antes, é a contrasolución, é agravar máis o problema.

Conferencia lida por Miguel Anxo Fernández Lores na sesión de clausura das Xornadas "Do badal ao clic" organizadas pola Universidade internacional Menéndez Pelayo e o Instituto de Estudos Miñoranos



MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA PONTE DOS TIRANTES

Coincidindo co comezo do curso político, Luís Bará fixo un repaso do estado das obras que xestiona no espazo urbano de Pontevedra.

Xunto á restauración da Ponte peonil de Domingo Fontán, o traslado da marquesina da Avenida do Uruguai e a reforma da contorna da Praza da Ferraría, o noso compañeiro anunciou unha importante remodelación dos transitos na entrada da Ponte dos Tirantes co obxectivo primeiro de mellorar a seguranza viaria nesta zona da cidade.

Esta reforma, que ten un orzamento de 209.000€, inclúe a eliminación dos elementos que arestora causan unha maior inseguridade. Así, por exemplo, dotarase a rotonda dun acceso directo para o tráfico que procede da zona de Monteporreiro.

Por outra parte, a actuación non se limita só á circulación de vehículos, senón que tamén atende ao tránsito peonil e de bicicletas. En canto a estas últimas, a eliminación dun carril vai dar continuidade ao carril-bici. Asemade, construíranse pasos de peóns sobrelevados que melloran a circulación a pé eliminando barreiras e calmando a velocidade dos coches.

A reforma da zona de entrada da Ponte dos Tirantes supón o cumprimento dun compromiso adquirido polo BNG e serve para dar continuidade á política de mellora da seguranza viaria que ten a Pontevedra convertida nun referente internacional.





PLAN DE SOSTEMENTO DO ESPAZO PÚBLICO NO RURAL

O Concello de Pontevedra apresentou un novo Plano de actuacións no ámbito rural destinado ao sostemento do espazo público. Con esta medida dáse continuidade ao compromiso do BNG de centrar a atención nas quince parroquias de Pontevedra durante este mandato.

As actuacións propiamente de sostemento do espazo público son obras de non demasiada envergadura que en todos os casos foron demandadas por veciños e veciñas e que contribúen a conseguir unha clara mellora na súa calidade de vida.

Por outra parte, dentro deste Plan, vanse acometer traballos de reparación e mantemento do firme de toda a rede viaria municipal en seis parroquias.

Por fin, atenderase tamén ao estado de fontes e lavadoiros dando continuidade a unha aliña de traballo que xa se comezou este ano en Santo André de Xeve e que agora se estende a Outras zonas do Concello.

O Plan de Sostemento do Espazo Público, que debe estar completado para final de ano, vai desenvolverse en dez parroquias: Verducido, Santa María de Xeve, Lérez, Cerponzóns, Bora, Mourente, Marcón, Tomeza, Salcedo, Lourizán.

OBRAS DE SOSTEMENTO

- Retirada dunha raíz na suba á Carballa
- Arranxo de conducións de pluviais na Esculca
- Limpeza e reparación de reixas de taxea na Carballa
- Reparación do firme na pista de acceso a Lusquiños
- Completar canalización de pluviais e reparación de firme na suba á Igrexa de Bora
- Colocación de valado na praza do carballo do Valo
- Limpeza e afirmado de camiño peonil entre O Valo e O Couto con canalización para a traída veciñal de auga
- Reparación de firme e recollida de pluviais no acceso ao adro da Igrexa de San Miguel de Marcón
- Arranxo integral de camiño en Gatomorto
- Arranxo puntual da rede de pluviais en Covadáspera (localizar avaría e solucionar)
- Seguranza viaria no acceso á parroquia dende a Avda. de Compostela

TRATAMENTO DA REDE DE PLUVIAIS

- Verducido: Atención integral
- Santa María de Xeve: Reparación integral da pista baixo o cemiterio
- Lérez: Atención integral
- Tomeza: Atención integral

FONTES E LAVADOIROS

- Reparación e limpeza integral do lavadoiro de Couso
- Arranxo e limpeza da fonte de Frieiro
- Reparación integral do lavadoiro de Casaldarado
- Reparación da traída de auga na Fonte do Outeiro
- Reparación da fonte da Fonteiña en Tilve
- Reparación integral do lavadoiro da Condese
- Reparación integral da fonte e o lavadoiro do Birrete
- Limpeza e selado da pía do lavadoiro do Rial
- Limpeza e embelecemento da fonte da Guiñadoira



EN BLOQUE PODEMOS!

“O modelo de Pontevedra é o modelo do BNG”

O candidato á Presidencia da Xunta polo BNG, Francisco Jorquera, mantivo un almorzo de traballo con representantes do comercio e da pequena e mediana empresa de Pontevedra.

Na xuntanza, que comezou coa intervención de Miguel Anxo Fernández Lores, tratáronse os aspectos máis destacados do programa económico do BNG, nomeadamente a necesidade de dar a volta as políticas que veñen impostas pola Unión Europea e o goberno de Madrid ou a imperiosa necesidade dunha banca pública galega que apoie os nosos sectores produtivos.

Fernández Lores e Paco Jorquera comprometeron o esforzo do Bloque para loitar contra a crise con todas as armas que ten a súa disposición a Xunta de Galiza e facer que esta deixe de ser a sucursal do goberno de España na que a ten convertida Núñez Feijoo.

Asemade, o candidato do BNG, xa máis

polo miúdo, centrou o seu discurso na crítica ás medidas adoptadas polo PP no sector do comercio que só favorecen ás grandes superficies e esmagan ás empresas galegas. Neste sentido afirmou que cómpre consumir produtos galegos mercados no comercio galego e comprometeu o traballo do Bloque para derrogar o decreto de liberalización de horarios comerciais e limitar a abertura de novas grandes áreas comerciais.

Como conclusión sinalou que “o modelo de pulo ao pequeno comercio de Pontevedra é o modelo do BNG” porque non só crea riqueza, senón que serve para manter vivas as cidades e favorecer as relacións entre as persoas.

O coloquio co que rematou a reunión desenvolveuse nun ambiente marcado pola preocupación pola situación económica e de crise xeralizada. Os representantes empresariais coincidiron na necesidade de medidas gobernamentais de impulso á economía como poida ser a banca pública.

A FALSA AUSTRERIDADE DO PP DE MORAÑA

O BNG de Moraña continúa a denunciar as políticas do PP no Concello. O PP de Moraña segue a mesma liña de desgoberno que defende na Xunta de Galiza baixo a bandeira da falsa austeridade.

Un ano máis, o grupo de goberno, executa a súa principal acción dirixida á terceira idade en Moraña: un xantar o vindeiro 23 de setembro que lle custa a todas as morañesas e morañeses 13.000€ , iso si, con misa solemne incluída.


Debemos lembrar que o mesmo grupo do PP recoñeceu a inutilidade desta actividade e tamén que prometeu políticas de apoio para os maiores nunca desenvolvidas nen executadas.

O BNG, como sempre fixo, reclama atención para os maiores de Moraña durante todo o ano e non un día illado mentres os outros 364 están totalmente desprotexidos. Moito máis nas circunstancias nas que nos atopamos, nas que, por culpa das medidas antisociais adoptadas polos gobernos primeiro do PSOE e agora do PP hai xubilados e xubiladas que están a sufrir unha situación económica moi dura.

A día de hoxe moitos deles e delas teñen que atender coa súa pensión varios membros da familia. E a pensión foi minorada polas diversas medidas adoptadas por

sucesivos gobernos, nomeadamente o do PP.

Non é de recibo que mentres o PP provoca o aumento do paro, reduce as prestacións, elimina subsidios, minora as pensións, cobra medicamentos, reduce salarios, aumenta impostos, aumenta os custes do ensino..., en Moraña gaste os cartos nunha comida anual co único propósito de recoller un puñado de votos para as vindeiras eleccións autonómicas, en vez de destinalos a paliar os problemas reais dos nosos veciños da terceira idade. Pero para iso, segundo a Alcaldesa M^a Luísa Piñeiro, non hai cartos





Compra no teu Concello

**Consume no comercio local,
nos nosos bares e
restaurantes.**

**Mercando produtos
do país en BLOQUE,
PODEMOS saír da crise !**

